

1 Características e tipos de fontes de alimentación

Os tipos de fontes que podemos atoparnos ó abrir un PC depende de varios factores, aínda que en xeral podemos dicir que depende do **factor de forma** do equipo e de que este sexa clónico ou "de marca". No caso dos ordenadores de marca (DELL, Compaq, HP, IBM,...), o máis normal é que nos atopemos cunha fonte propietaria, con conectores que dependerán do fabricante e que, no caso de avaría, nos obrigará a intentar arranxala (se temos os coñecementos de electrónica necesarios para elo) ou pagar o, seguro, alto prezo que nos cobrará o fabricante (se este compoñente segue estando en *stock*) ou un distribuidor de compoñentes de segunda man.

No caso destes apuntes, trataremos de ver os tipos de fontes de alimentación xenéricas existentes no mercado e cales son as súas características (factor de forma, cor dos cables e a súa función, tipos de conectores que traen,...).

As características que deben cumprir as fontes de alimentación ATX xenéricas están normalizadas; en www.formfactors.org podemos atopar as últimas revisións. A última versión sacada é a 2.2 e foi aprobada no 2005. Nos seguintes puntos vemos todas as características dos conectores das fontes de alimentación e a función de cada un dos seus pines.

1. **Fontes de alimentación AT**
2. **Fontes de alimentación ATX**
3. **Identificación da función de cada cable pola súa cor**
4. **Especificacións técnicas das fontes de alimentación**

-- [Volver](#)